




CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior	<i>Documento</i> AD016100OB
<i>Código de verificación</i>  3F6B 2B39 535E 3F53 0ONS	<i>Expediente</i> AD0/2022/75
	<i>Fecha</i> 15-06-2022

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta asinado polo Director de Economía, Facenda e Réxime Interior, con código de verificación 4R3D 6Q3P 5L6P 271E 0IAM, e cuxo contido literal se reproduce a continuación:

“Informe-proposta para a consulta pública previa do proxecto de ordenanza xeral e de bases reguladoras xerais das subvencións do concello da coruña e dos seus organismos públicos

O Concello da Coruña ten previsto impulsar, desde a Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior; unha nova ordenanza municipal que regule con carácter integral o réxime xurídico das subvencións convocadas e outorgadas polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, así como as bases xerais polas que se rexerá a súa tramitación, concesión e xustificación.

Resulta legalmente esixible este trámite de consulta pública previa co obxecto de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas do tecido económico e social da cidade que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española de 1978, que establece a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de toda a cidadanía na vida pública. Así, o citado precepto sinala: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

Por outro lado, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos e das posibles destinatarios e destinatarias na elaboración das normas. Así, recolle textualmente: “En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos; e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas”.



No marco desa mesma lei de procedemento administrativo, o artigo 133 fai referencia á participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. No seu apartado primeiro establece: “Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública”.

En materia de subvencións públicas, o marco legislativo vén determinado, fundamentalmente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e polo seu Regulamento de desenvolvemento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), segundo a súa disposición final primeira, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Neste contexto normativo, o Concello da Coruña conta dende o ano 2005 coa Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar, aprobada polo pleno da corporación municipal de forma definitiva mediante acordo adoptado o 11 de abril de 2005 (texto íntegro publicado no BOP de 19/02/2005). Esta primeira ordenanza, que se adaptaba á nova regulación disposta pola Lei xeral de subvencións de 2003, atinxiase aos ámbitos cultural, social e deportivo. Ordenanzas sectoriais posteriores aprobadas polo pleno municipal do Concello da Coruña abarcaron outros ámbitos de intervención:

- Ordenanza de mobilidade urbana (BOP 26.02.2008).
- Ordenanza de emerxencia social (BOP 22.04.2008; modificación BOP 18.04.2012).
- Ordenanza de axudas a vivendas e locais en zonas acusticamente saturadas (BOP 30.10.2009).
- Ordenanza para a mellora da imaxe urbana no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería (BOP 22.04.2014).
- Ordenanza reguladora da renda social municipal (BOP 26.08.2016).
- E, finalmente, a recente Ordenanza reguladora da concesión de axudas á conservación e rehabilitación de edificios de vivendas (BOP 19.10.2020).

Pola súa parte, as propias Bases de execución dos orzamentos municipais regulan, ano tras ano, determinados aspectos económico-financeiros aplicables aos créditos orzamentarios que para cada exercicio económico se consignan destinados á concesión de subvencións municipais.

Así mesmo, a Ordenanza para a igualdade na diversidade, artigos 31 a 34 e 42 (BOP 25.10.2019) e a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP 22.06.2021) establecen determinadas obrigas a ter en conta no ámbito da política de fomento municipal.

A Xunta de Goberno Local da Coruña aprobou o 15 de setembro de 2021, con carácter de documento programático, o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello coruñés para o período 2021-2023.

Este plan, que debe de concretarse anualmente a través do correspondente plan operativo, nace co obxectivo de optimizar os recursos, racionalizar os procedementos e dotar de transparencia á xestión das subvencións do Concello da Coruña.



Trátase, neste sentido, dun instrumento programático de planificación das políticas públicas de fomento que son responsabilidade das áreas municipais e dos organismos e entidades de dereito público de carácter municipal. E como instrumento programático, busca servir de apoio ás accións ou actividades propias da gobernanza municipal de fomento, que se consideran de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública. O plan prevé, ademais, a elaboración da nova ordenanza xeral de subvencións, obxecto desta consulta pública previa.

Por todo o exposto, **PROPONSE** ao concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, de acordo coas competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2019 (BOP núm.124, do 03.07.2019) a adopción da seguinte **RESOLUCIÓN**:

Primeiro.- Someter ao trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o proxecto de Ordenanza xeral e de bases reguladoras xerais das subvencións do Concello da Coruña e dos seus organismos públicos, conforme ao texto que figura como anexo desta proposta.

Segundo.- Abrir un prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta consulta pública previa na Sede Electrónica do Concello (<https://sede.coruna.gal>) para que as veciñas e os veciños da cidade da Coruña e as organizacións, asociacións e entidades máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, ou que realicen actividades ou proxectos que se desenvolvan ou poidan desenvolverse no termo municipal da Coruña, formulen as achegas e suxestións que consideren oportunas sobre os aspectos formulados nesta consulta, a través do formulario específico creado e habilitado ao efecto.

Asemade, o documento estará dispoñible no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, situado na sede electrónica.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Manuel Ángel Jove Losada

Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior



Anexo

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE ORDENANZA XERAL E DE BASES REGULADORAS XERAIS DAS SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DA CORUÑA E DOS SEUS ORGANISMOS PÚBLICOS.

1. ANTECEDENTES.

O Concello da Coruña ten previsto impulsar, desde a Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior; unha nova ordenanza municipal que regule con carácter integral o réxime xurídico das subvencións convocadas e outorgadas polo Concello da Coruña e polos seus organismos públicos, así como as bases xerais polas que se rexerá a súa tramitación, concesión e xustificación.

Resulta legalmente esixible este trámite de consulta pública previa co obxecto de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas do tecido económico e social da cidade que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española de 1978, que establece a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de toda a cidadanía na vida pública. Así, o citado precepto sinala: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

Por outro lado, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos e das posibles destinatarios e destinatarias na elaboración das normas. Así, recolle textualmente: “En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos; e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas”.

No marco desa mesma lei de procedemento administrativo, o artigo 133 fai referencia á participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. No seu apartado primeiro establece: “Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública”.

Como Administración Pública de natureza territorial, o Concello da Coruña, xunto coas entidades que conforman o seu sector público institucional, vén prestando anualmente de forma estrutural unha relevante actividade de fomento nas súas políticas públicas. Unha das principais manifestacións desta actividade de fomento está constituída polas importantes e crecentes axudas e subvencións públicas que durante cada exercicio económico se outorgan nos



diferentes ámbitos de intervención municipal. Os ámbitos da cultura, do deporte, dos servizos sociais, do emprego, do comercio e do consumo, xunto con intervencións en materia de rehabilitación urbana e de edificios ou de sistemas de mobilidade, son algunhas das liñas de subvención municipal máis relevantes na cidade.

En materia de subvencións públicas, o marco legislativo vén determinado, fundamentalmente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e polo seu Regulamento de desenvolvemento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), segundo a súa disposición final primeira, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Neste contexto normativo, o Concello da Coruña conta dende o ano 2005 coa Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar, aprobada polo pleno da corporación municipal de forma definitiva mediante acordo adoptado o 11 de abril de 2005 (texto íntegro publicado no BOP de 19/02/2005). Esta primeira ordenanza, que se adaptaba á nova regulación disposta pola Lei xeral de subvencións de 2003, atinxiase aos ámbitos cultural, social e deportivo. Ordenanzas sectoriais posteriores aprobadas polo pleno municipal do Concello da Coruña abarcaron outros ámbitos de intervención:

- Ordenanza de mobilidade urbana (BOP 26.02.2008).
- Ordenanza de emerxencia social (BOP 22.04.2008; modificación BOP 18.04.2012).
- Ordenanza de axudas a vivendas e locais en zonas acusticamente saturadas (BOP 30.10.2009).
- Ordenanza para a mellora da imaxe urbana no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería (BOP 22.04.2014).
- Ordenanza reguladora da renda social municipal (BOP 26.08.2016).
- E, finalmente, a recente Ordenanza reguladora da concesión de axudas á conservación e rehabilitación de edificios de vivendas (BOP 19.10.2020).

Pola súa parte, as propias Bases de execución dos orzamentos municipais regulan, ano tras ano, determinados aspectos económico-financeiros aplicables aos créditos orzamentarios que para cada exercicio económico se consignan destinados á concesión de subvencións municipais.

Así mesmo, a Ordenanza para a igualdade na diversidade, artigos 31 a 34 e 42 (BOP 25.10.2019) e a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP 22.06.2021) establecen determinadas obrigas a ter en conta no ámbito da política de fomento municipal.

A Xunta de Goberno Local da Coruña aprobou o 15 de setembro de 2021, con carácter de documento programático, o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello coruñés para o período 2021-2023.

Este plan, que debe de concretarse anualmente a través do correspondente plan operativo, nace co obxectivo de optimizar os recursos, racionalizar os procedementos e dotar de transparencia á xestión das subvencións do Concello da Coruña.



Trátase, neste sentido, dun instrumento programático de planificación das políticas públicas de fomento que son responsabilidade das áreas municipais e dos organismos e entidades de dereito público de carácter municipal. E como instrumento programático, busca servir de apoio ás accións ou actividades propias da gobernanza municipal de fomento, que se consideran de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública. O plan prevé, ademais, a elaboración da nova ordenanza xeral de subvencións, obxecto desta consulta pública previa.

Os plans operativos anuais derivados do Plan Estratéxico de Subvencións recollen as distintas liñas de subvención agrupadas por obxectivos estratéxicos e operativos, relacionadas por servizo xestor e coa súa dotación orzamentaria prevista. Pode consultarse na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/transparencia/gl/claridade-na-xestion/subvencions-e-axudas?argldioma=gl>

2. OBXECTO DA ORDENANZA E PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR.

Este proxecto de ordenanza ten por obxecto principal, dentro do marco legal exposto nos antecedentes, abordar unha regulación municipal integral do réxime de subvencións e axudas públicas de competencia do Concello da Coruña e dos seus organismos públicos, así como establecer as bases xerais que deben de rexer as correspondentes convocatorias, evitando así a excesiva dispersión normativa naqueles aspectos que na materia deben de ter unha regulación común ou homoxénea.

Esta regulación de carácter xeral deberá de garantir a maior claridade normativa, a simplificación e redución de cargas administrativas, a axilidade e a eficiencia na tramitación das axudas e subvencións municipais.

Esta regulación xeral substituirá con carácter ordinario ás ordenanzas municipais reguladoras dos diferentes sectores de actividade, procedéndose á súa derogación expresa, sen prexuízo daquelas que manteñan a súa vixencia en orde ao seu alcance ou especialización, nas que esta nova ordenanza terá en todo caso carácter supletorio.

A ordenanza será de aplicación tamén aos convenios que instrumenten subvencións que conceda o Concello e os seus organismos públicos no exercicio das súas potestades administrativas, en favor de persoas físicas ou xurídicas.

Cando o financiamento, total ou parcial, das axudas e subvencións municipais proceda de fondos autonómicos, estatais ou da Unión Europea, a ordenanza terá carácter supletorio da regulación que establezan as correspondentes Administracións públicas que as financien.

3. OBXECTIVOS DA NOVA ORDENANZA.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar con esta nova ordenanza xeral en materia de subvencións municipais son:

1. Delimitar o ámbito subxectivo de aplicación da ordenanza, que se deberá de estender a toda a Administración municipal do Concello da Coruña e a todos os seus organismos e entidades de



dereito público con personalidade xurídica propia vencellados ou dependentes do Concello da Coruña (sector público institucional da entidade local), cando as subvencións que outorguen sexan no exercicio de potestades administrativas.

2. Incluír, dentro do ámbito obxectivo da ordenanza toda disposición de diñeiro, sen contraprestación directa pola persoa física ou xurídica beneficiaria, que realice o Concello da Coruña ou calquera dos seus organismos públicos en favor de persoas públicas ou privadas, suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular ou á concorrencia dunha situación, coa finalidade de fomentar unha actividade de utilidade pública ou de interese social ou para promover a consecución dun fin público.

Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as achegas de diñeiro entre diferentes administracións públicas, para financiar a actividade da administración á que vaian destinadas, e as que se realicen entre os distintos axentes da Administración municipal cuxos orzamentos se integren no Orzamento Xeral do Concello da Coruña, tanto se se destinan a financiar a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as achegas de diñeiro que en concepto de cotas se realicen en favor da FEMP ou da FEGAMP, as dotacións económicas aos grupos políticos municipais previstas no Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, nin os premios que se outorguen sen a previa solicitude do/a beneficiario/a.

Rexeranse pola súa propia normativa as subvencións que se instrumenten con fondos da Unión Europea, do Estado ou da Xunta de Galicia, as axudas económicas de emerxencia social e a renda social municipal, tendo, en todo caso, esta nova ordenanza carácter supletorio. Quedarán tamén excluídas desta ordenanza as subvencións ao transporte público colectivo en autobús, que se rexerán especificamente polas correspondentes cláusulas reguladoras da concesión do servizo.

3. Establecer como procedemento ordinario de concesión de subvencións o de concorrencia competitiva. Non obstante, en atención ao obxecto e á finalidade da subvención, poderá utilizarse tamén o de concorrencia non competitiva (artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e artigo 55.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 1 de novembro, xeral de subvencións), quedando habilitado o de concesión directa para as subvencións previstas nomeadamente nos orzamentos xerais municipais, ou para aquelas nas que así o estableza una norma de rango legal ou, con carácter excepcional, para aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

4. Garantir o necesario sistema de transparencia e información pública sobre as subvencións a través da Sede Electrónica do Concello da Coruña, do mesmo xeito que mediante o seu Portal de transparencia. Incluírá, entre os seus contidos, toda a información relativa aos procedementos de concesión de subvencións, premios e axudas en especie, que permita tanto o coñecemento



previo dos ditos procedementos como, polo menos, as fases principais do seu desenvolvemento. Incorporaranse, en todo caso, os seguintes elementos informativos:

- A) A información xeral sobre a subvención, con información extractada, no seu caso, da ordenanza ou norma reguladora, con enlace á mesma.
- B) Os impresos da solicitude, así como os anexos que se deberán utilizar por parte das persoas interesadas.
- C) A resolución do procedemento, agás nos casos en que legalmente estea xustificada a exclusión da publicidade dos datos das persoas adxudicatarias.

De acordo co disposto na Disposición adicional sexta da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ordenanza creará o Rexistro público municipal de axudas, subvencións e convenios, que permita a súa consulta pública e a elaboración da correspondente información estatística.

Este rexistro será complementario das obrigas legais de información esixibles ás entidades locais e será interoperable coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), nos termos legal e regulamentariamente establecidos para esta base nacional. Este rexistro deberá de cumprir coas obrigas que establece a normativa en materia de transparencia e bo goberno.

En todo caso, naqueles procedementos de subvencións, premios e axudas en especie que afecten a persoas físicas, o tratamento dos datos que se realice por cada órgano xestor deberá de observar o establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

5. A ordenanza regulará ademais:

- Os principios xerais da xestión das subvencións no Concello da Coruña.
- A planificación estratéxica en materia de subvencións, avaliación e seguimento anual.
- Os órganos competentes para a concesión das subvencións.
- As persoas beneficiarias e as súas obrigas. Documentación e forma de presentación. Comprobación de datos.
- As entidades colaboradoras.
- O financiamento das actividades subvencionadas.
- O réxime de garantías.
- Os procedementos de concesión
- O réxime das subvencións plurianuais e de tramitación anticipada.
- A subcontratación polas persoas beneficiarias das actividades subvencionadas.
- A contratación e subcontratación por persoas e entidades vinculadas.
- Os gastos subvencionables.
- A xustificación das subvencións con procedementos ordinarios e simplificados.
- A xestión orzamentaria.
- O reintegro das subvencións.
- O control financeiro.
- As infraccións e sancións en materia de subvencións.



4. POSIBLES SOLUCIÓN ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS.

O Concello da Coruña podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1º) Manter a vixencia da actual normativa municipal en materia de subvencións. Esta alternativa mantería a actual dispersión normativa, non garantiría a súa adaptación completa ao marco normativo actual na materia e non facilitaría a necesaria transparencia e garantía de acceso á información pública en materia de axudas e subvencións municipais.

2º) Modificar exclusivamente a Ordenanza xeral de Subvencións da Área de Benestar, aprobada polo pleno da corporación municipal mediante acordo do 11 de abril de 2005 (texto íntegro publicado no BOP de 19/02/2005), xa que foi a primeira ordenanza xeral adaptada á nova Lei xeral de subvencións de 2003. Esta opción resulta manifestamente insuficiente posto que, a pesar de que abarca un amplo campo de intervención material, non regula o conxunto da actividade subvencional do Concello da Coruña e dos seus organismos públicos, ademais da súa falta de actualización e adaptación á normativa aprobada con posterioridade tanto no ámbito estatal como autonómico.

3º) Considérase, por conseguinte, que elaborar unha nova ordenanza xeral e de bases reguladoras xerais das subvencións dará cumprimento axeitado ao conxunto dos problemas descritos nos antecedentes desta consulta previa.

5. CANLE DE PARTICIPACIÓN.

As veciñas e os veciños da cidade da Coruña, así como as organizacións, asociacións e entidades máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, ou que realicen actividades ou proxectos que se desenvolvan ou poidan desenvolverse no termo municipal da Coruña, poderán formular as achegas e suxestións que consideren oportunas sobre os aspectos formulados nesta consulta durante o prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación desta consulta pública previa na Sede Electrónica do Concello (<https://sede.coruna.gal>), a través do formulario específico creado e habilitado ao efecto.

Asemade, o documento estará dispoñible no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, situado na sede electrónica”.

O Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local de 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Primeiro.- Someter ao trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o proxecto de Ordenanza xeral e de bases reguladoras xerais das subvencións do Concello da Coruña e dos seus organismos públicos, conforme ao texto que figura como anexo desta proposta.



Segundo.- Abrir un prazo dun mes, a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta consulta pública previa na Sede Electrónica do Concello (<https://sede.coruna.gal>) para que as veciñas e os veciños da cidade da Coruña e as organizacións, asociacións e entidades máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, ou que realicen actividades ou proxectos que se desenvolvan ou poidan desenvolverse no termo municipal da Coruña, formulen as achegas e suxestións que consideren oportunas sobre os aspectos formulados nesta consulta, a través do formulario específico creado e habilitado ao efecto.

Asemade, o documento estará dispoñible no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, situado na sede electrónica.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas